

IN MEMORIAM

A Xosé Nespereira Iglesias

Morreu en Ourense o día 5 de santos de 1982, á idade de 37 anos. Con el se nos foi unha promesa que comenzara a abrochar xa en magníficos froitos, dos que son cativa mostra a ringleira que se engade ao final de este escrito.

Se as moitas probas de dór que xerou a súa morte, tanto entre os seus compañeiros como entre os seus alumnos ou superiores, son o índice da súa bondade, poderíamos falar de que Xosé Nespereira Iglesias foi un home querido e respeitado por todos, a mais de un profesional competente, con sona e credibilidade, no seu eido de traballo.

A lista fría e rara dos seus traballos non é mais que a tona do que el tiña, perfectamente clasificado e ordeado no arquivo secreto da súa mente, á que ninguén de nos terá franquía xamais. E por iso, tal vez, que conmovidos pola salvaxe brutalidade da súa morte, e o seu carácter, aberto, xeneroso, e bon, todos temos prolongado, ou extrapolado a partires do que el fixo, o que coidamos faría no futuro, de seguer vivo entre nos, os que agora aínda o estamos.

Infortunadamente, a súa novidade, como os atrabancos que sofreu para chegar ata onde o fixo, e conquistar nome no eido da xeoloxía e a minería galegas, mal nos deixan mais que albiscar o que tería sido de se ter seguido con normalidade o desenrolo científico e profesional de Xosé Nespereira. 37 anos dan para pouco nunha carreira sería como a que el levaba a desenrolar, e, eu ao menos, procuraríamais alá dos 47 anos o que tivera sido de Nes, como de todos os que de algún xeito estamos a traballar na xeoloxía galega. E por todo iso que non me parece significativo falar de canto deixou por facer. As persoas que, coma el, non agardaban a que o traballo lles chegara, senon que o fabricaban ou aínda o inventaban, cando non o tiñan, sempre, morran cando o fagan, han deixar algo incompleto.

Durante algún tempo, como tantos outros, rebeleime perante a cruel incompetencia que lle levará o home e o pai a Victoria e aos seus nenos, que me levará un amigo, un compañeiro, un colaborador. Mais por outra, decateime, como todos aqueles para que nes vivir non é doado e teñen que conquistar cada día, o dereito a continuar como persoas o seguinte, cal era o caso de Nespereira, que de esas baixas, se fai ese sabor acedo que estimula a nosa capacidade de sobrevivir.

Penso agora que, esta lembranza agarimosa, quente e viva que acorda en nos a palabra Nes, como familiarmente lle chamábamos os seus amigos, e que nos trae a súa imaxe tépeda, firme, e ateigada de sóns familiares, como as pedras que el procuraba por toda Galicia, está mineralizada. E a mais ricaz mina que existe, e que Nespereira a pesares da súa sabencia xamais chegou a atoupar, porque a levaba no seu interior. Era esa capacidade como a do Rei Midas, de trocar a cantos entraban en contacto con el nos seus amigos incondicionais para sempre.

Adicándolle este tomo dos Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, nos que colaborou ata a súa morte, non procuramos mais que xunquir de algún xeito o seu nome a esa xeoloxía que el tanto amou.

O Castro, 25 de xuño de 1985

Juan Ramón Vidal Romani

BIBLIOGRAFIA DE JOSE NESPEREIRA IGLESIAS

- 1.—(1970).—Destrozos paisajísticos en los granitos de la Sierra de Guadarrama (Madrid). (En col. con J. Talaván García). *Actas XXIX Congreso Luso-Español para el Progreso de las Ciencias*. Lisboa.
 - 2.—(1978).—Heavy-Mineral Panning techniques in the Exporation for tin and Tungsten in Northwestern Spain. (En col. con H. Zantop). *Geochemical Exporation*, 78.
 - 3.—(1978).—Síntesis sobre los yacimientos auríferos gallegos. *Braña*, 1: 18-49. Santiago.
 - 4.—(1979).—Comentarios a la Edición Homenaje a Parga Pondal. *Braña*, 3: 115-118. Santiago.
 - 5.—(1980).—Estudio comparativo entre técnicas analíticas y mineralométricas para la prospección de Sn en la provincia de Orense. (En col. con H. Zantop). *Cuadernos Lab. Xeol. Laxe*, 2(2): 59-93. La Coruña.
 - 6.—(1980).—Consideraciones geológicas sobre las «trabes» de oro. *BAur*, 10:211-216. Orense.
 - 7.—(1981).—*Los sedimentos de arroyos en la prospección del Sn y W en el Oeste de la provincia de Orense*. Resumen Tesis Doctoral. Publ. Univ. Oviedo. Fac. Ciencias. Oviedo.
 - 8.—(1982).—Contribución a la prospección geominera del área de Celanova. *Cuadernos Lab. Xeol. Laxe*, 3: 513-532. La Coruña.
 - 9.—(1982).—Prospección wolframo-estannífera en la Sierra de Xurés. *Cuadernos Lab. Xeol. Laxe*, 3: 625-645. La Coruña.
 - 10.—(1983).—Mineralogía. *Gran Enciclopedia Gallega*, 21: 59-62. Gijón.
 - 11.—(1983).—Minería. *Gran Enciclopedia Gallega*, 21: 62-67. Gijón.
 - 12.—(1984).—Geología de la Comarca Orensana. *Gran Enciclopedia Gallega*, 23: 64-65. Gijón. (En col. con P. Araujo Nespereira), s. v. Ourense.
 - 13.—En prensa.—*Itinerarios geológicos de Galicia*. (En col. con J. Lillo).
 - 14.—En prensa.—*Minerales gallegos de rendimiento económico, el Sn y W. Consideraciones sobre los yacimientos wolframo-estanníferos en Galicia*. Ed. do Castro.
 - 15.—En prensa.—Geología y recursos geológicos en Galicia. *Actas III jornadas de Cultura Gallega*. El Ferrol, 1982.
 - 16.—En prensa.—Posibilidades espeleológicas de Galicia. *Actas I Jornadas Espeleológicas de Galicia*. Mondoñedo, 1982.
- Hay que añadir 5 trabajos inéditos que se publican en este volumen:
- 17.—(1984 †).—Minerales gallegos: 1, Cervantita. *BAur*. 12. Orense.
 - 18.—(1984 †).—El «oro rojo» de Viana do Bolo. *BAur*. 12. Orense.
 - 19.—(1984 †).—Consideraciones geológicas sobre «La Hoya de Orense» y su entorno. *BAur*. 12. Orense.
 - 20.—(1984 †).—Apuntes para un estudio del contexto geológico del yacimiento paleolítico de Pazos (San Cibrán das Viñas. Orense). *BAur*. Orense. Orense.
 - 21.—(1984 †).—Las formaciones sedimentarias de la depresión de Maceda. 1.—La Formación Baldrei. (En col. con A. Pérez Alberti, C. García Paz y F. Macías). *BAur*. 12. Orense.